

EXPEDIENTE:	2022/00015887W
PROCEDIMENTO:	Procesos de selección de persoal

Rematado o prazo de dez días hábiles concedido na resolución nº 2022/3544 publicada o 30 de marzo, a efectos de subsanación de erros, e de conformidade coa base sexta das bases específicas da convocatoria (BOP nº 78 de 28 de abril de 2021) para a provisión en propiedade, **polo sistema selectivo de concurso- oposición**, de 16 prazas de Administrativo/a (10 de persoal funcionario e 6 de persoal laboral (a funcionarizar), subgrupo C1, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018 e 2019.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellarías delegadas e o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias, RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Elevar a definitiva, por no se ter formulado alegacións, a lista provisional de admitidos e excluídos e confirmar a composición do tribunal.

**SEGUNDO:** Confirmar a data do primeiro exercicio da oposición que terá lugar o vindeiro **2 de maio no edificio CERSIA ás 17.00 horas**.

**TERCEIRO:** Declarar exentos da realización do primeiro exercicio da oposición aos aspirantes que se relacionan, de conformidade coa solicitude formulada por estes segundo o establecido na base oitava das bases específicas da convocatoria.

1. Castaño Solar, Teresa María
2. González Maneiro, María Josefa
3. Oliveira Vecino, Mónica